

## PABLO RUIZ PICASSO (Málaga, 1881-Mougins, 1973)

Artista polifacético, traballador incansable, innovador, inventor de formas, técnicas, estilos, materiais, traballou desde moi novo de xeito totalmente libre sempre dirixido pola súa inspiración e curiosidade, libre de calquera atadura externa. Deixou unha obra estimada en máis de 20.000 traballos. Participo unhas diversas correntes que revolucionaron as artes plásticas do S.XX, desde o cubismo ata a escultura neofigurativa, do gravado ou o augaforte á cerámica artesanal ou á escenografía para ballets.

Picasso foi un dos poucos pintores contemporáneos que acometeron, como unha preocupación prioritaria, a realización de obras mestras. E dúas ocasións as súas experiencias orientáronse á realización de obras que se converteron en referencias imprescindibles da pintura contemporánea. As Señoritas de Aviñón foi a primeira na que Picasso expuxo unha ruptura, consciente e coherente, co sistema de representación perspectivo que viñera funcionando desde o Renacemento como soporte e método na pintura occidental. A segunda é o Guernica, na que Picasso acomete unha reflexión ao redor das funcións, valores e usos dos modelos clásicos. A documentación coñecida e os estudos monográficos adicados a estas dúas pinturas fan delas un caso excepcional na Historia da pintura.

### Período de formación

Nas súas primeiras obras, *Primeira Comunión* ou *Ciencia e Caridade*, realizadas con quince e dezaseis anos, Picasso amósase como un pintor precoz que domina os resortes académicos dun naturalismo cargado de connotacións literarias que pronto abandonará por unha pintura moito máis libre e abocetada. Obras como *O moulin de la Gallette* (1900) revelan o impacto da obra de Toulouse-Lautrec. Neste momento, Picasso sentiuse atraído pola cor, como en *Muller de Azul* ou *A bailarina anana* (1901), cunha cor aplicada en pinceladas soltas ao xeito dos postimpresionistas.

### 1º Período: 1900-1906

- a. **Etapa Azul (1900-1904).** É a primeira etapa persoal e madura de Picasso. Ata 1900 o artista debateuse entre a tradición e a imitación dos estilos de final do S.XIX, nunha experimentación e procura dunha pincelada propia. Entre 1900 e 1902 Picasso fixo tres viaxes a París, establecéndose alí en 1904. Entre as razóns que levaron ao pintor a expresarse a través deste estilo destacamos o suicidio do seu amigo Casagemas en 1901 que sumiu a Picasso nunha profunda tristura. Evocou en varios cadros a traxedia, así no *Enterro de Casagemas* a morte convértese nunha alegoría onde a cor se reduce a distintos tons de azul.
- b. **Etapa Rosa (1905-1906).** Combina o rosa cos tons azulados e perde forza o pesimismo anterior. As figuras son máis cheas e modeladas. A arte de Picasso destes anos amosa tamén o seu interese pola arte negra e ibérica. O *Retrato de Gertrude Stein* e o *Autorretrato con paleta* (1906) amosan unha redución do emprego da cor, unha simplificación das formas e volumes e a mencionada influencia da arte ibérica.

### 2º Período: 1907-1914

- a. **Etapa Protocubista (1906-1907):** As Señoritas de Aviñón.
- b. **Etapa Cubista (1908-1914)**

O Cubismo é un movemento artístico das primeiras vangardas, desenvolvido entre 1907 e 1914, nacido en Francia e encabezado por Picasso, Braque e Gris. É unha tendencia esencial xa que dá pé ao resto das vangardas europeas do S.XX. O Cubismo é considerado a maior revolución plástica desde o Renace-

mento. Representa a destrución dos principios espaciais tradicionais e a creación dunha nova forma de concibir o cadro e o espazo. Pretende conseguir unha orde plástica que supere a nebulosa lumínica do Impresionismo, a anarquía cromática do Fauvismo e as esaxeracións expresivas do Expresionismo.

Pablo Picasso (1881-1973) e Georges Braque (1882-1963) son considerados os iniciadores deste movemento pictórico que foi xurdindo en innumerables reunións e discusións na casa de Picasso en París. Xuntos emprederon un redescubrimento da pintura de Cézanne (1839-1906) da que tomaron a súa preocupación pola simplificación dos volumes, a redución da cor e a recuperación da primacía da forma. En Outubro de 1907 publicouse no *Mercure de France* a correspondencia entre Émile Bernard e Cézanne, na que se expresaba o seu desexo de “tratar a Natureza como o cono, o cilindro e a esfera”. Picasso e Braque retomaron estes principios da pintura de Cézanne, que acababa de morrer, e leváronos ás súas últimas consecuencias. A forma, a orde e a xeometría xurdiron como un novo fundamento da pintura fronte á fragmentación plástica e formal iniciada polo Impresionismo.

Así, inspirados polo tratamento volumétrico das formas pictóricas, Picasso e Braque pintaron en 1908 unha serie de paisaxes, dentro dun estilo que o crítico Louis Vauxcelles definiría como se fosen feitos a base de “pequenos cubos”, impóndose así o termo **Cubismo** en 1909, en certa medida dunha forma pexorativa.

Esta corrente revolucionou as bases da pintura e de todas as artes. As primeiras manifestacións prodúcese en París en 1907, cando Picasso pinta *As Señoritas de Aviñón*. Entre 1908 e 1911 traballaron en estreita colaboración dentro de esa liña de descomposición e análise das formas, desenvolvendo xuntos a primeira fase do Cubismo, coñecida como **Cubismo Analítico**. As derivacións deste movemento serán múltiples: desde o Orfismo de Delaunay ao Tubismo de Léger, ás obras máis ou menos personais de Duchamp, Picabia, Metzinger, Feininger, ou as tendencias máis figurativas de Marie Blanchard ou o pintor mejicano Diego Rivera.

As **características** xerais son:

- Descompoñer a realidade en formas xeométricas, xa que todo o existente é susceptible de ser representado xeometricamente. Buscar a representación da esencia dos obxectos e persoas e non a súa aparencia (antiimpresionistas).
- Técnica do facetado cubista: non basta só con reducir os obxectos ás súas formas básicas e xeométricas, hai que introducir no cadro a representación absoluta dos obxectos, é dicir, a súa visión plasmada desde todos os puntos de vista. Esta premisa obriga á descomposición da figura en múltiples elementos prismáticos que permitan contemplar á vez todos os ángulos posibles, “disección de obxectos”. O obxecto represéntase dun modo total, o que determina unha visión múltiple, e para conseguilo xustapóñense planos fragmentarios.
- Primacía total da liña e da forma sobre a cor, posto que se trata de crear volumes prescindindo totalmente da luz. As liñas transfórmanse nun elemento estrutural do cadro entendido como composición en superficie. Rexeitamento do modelado clásico.
- Rexeitamento da perspectiva clásica: introducen a visión simultánea no cadro, representan non o que vemos, senón como sabemos que son as cousas. Adóptase así a chamada “perspectiva múltiple”, polo que aparecían ao mesmo tempo e no mesmo plano vistas diversas do obxecto: por exemplo, ollo de fronte e nariz de perfil nun rostro humano; unha botella co seu corte vertical e o seu corte horizontal.
- Prescindir do movemento artificioso da pintura tradicional. Se de verdade queremos transmitir na imaxe unha visión autenticamente total das cousas, non será suficiente coas tres dimensións do espazo, senón que haberá que introducir tamén a cuarta dimensión, isto é, o tempo. Agora ben, non

se trata de representalo deténdoo, como facían os impresionistas, senón pola contra expresando a súa continuidade. Para iso haberá que plasmar tamén na pintura a sucesión múltiple de visións que un obxecto experimenta en distintos momentos. É dicir, que hai que representar o obxecto movéndose, o que só é posible facer plasmando imaxes sucesivas dunha mesma figura a base de compartimentar as súas distintas estruturas ou partes.

- Temas: a pesar de ser pintura de vangarda, os xéneros que se pintan non son novos (bodegóns, paisaxes e retratos). O tema carece de importancia, o que importa é a composición das formas. A obra é de difícil comprensión ao non ter un referente naturalista, e iso explica que fose o primeiro dos movementos artísticos que necesitou unha explicación por parte da crítica.
- Cor: elimínanse as cores suxestivas que tan típicas eran do Impresionismo ou do Fauvismo. En lugar diso, utiliza tons austeros e apagados, como grises, verdes e ocres. O monocromatismo predomino una primeira época do Cubismo, e posteriormente abríuse máis a paleta.

#### Tendencias:

**a) Cubismo Analítico.** É a fase inicial e máis ortodoxa que se desenvolve entre 1909 e 1911 coas seguintes características:

- As formas e as figuras están tan fragmentadas e descompostas que se fan irrecoñecibles.
- Descomposición estrutural dos obxectos que se fragmentan en todos os puntos de vista posibles.
- Non existe distinción entre o fondo e a figura.
- Desaparición da perspectiva tridimensional.
- Gama cromática moi limitada. A cor perde importancia e limítase ao mínimo, onde a pintura é case monocroma. As cores nese momento non interesaban pois o importante eran os diferentes puntos de vista e a xeometrización, non o cromatismo.

Sen ser obras abstractas, a visión do cadro resulta moi difícil, por iso é polo que a partir do Cubismo Analítico chégase á abstracción xeométrica, xa que a imaxe representada era case imposible de ver, a non ser por algúns obxectos como unha pipa, ou letras de xornal, que permiten distinguir o que se está representando. O Cubismo Analítico chegou tan lonxe que, con medo de caer na Abstracción, transformouse no que se coñece como o segundo período, o Cubismo Sintético.

**b) Cubismo Sintético (1911-1914).** Iniciado por Braque ao pór papel “collé” pegado directamente na pintura. Picasso e Braque comezaron a pór periódicos e isto evolucionou no que hoxe en día coñecemos como *collage*, nun intento de dotar á pintura aínda de maior realismo, tamén coa aplicación de elementos reais como recortes de papel, madeira... sobre lenzo. Máis adiante, esta mesma ansia de realismo determinará a representación das formas reducidas a planos, máis ricos de cor e cun maior encanto poético. Estas obras son máis sinxelas e as súas partes parecen estar ensambladas. Os cadros empezan a perder o aspecto fragmentado e a realidade reconstrúese a base de planos de cor.

#### 3º Período clasicista (1914-1925)

#### 4º Período: Surrealista (1925-1934)

O Cubismo fúndese co mundo onírico do Surrealismo xerando personaxes violentamente deformadas e formas retorcidas. O predominio da cor rosa sobre fondo azul garda unha certa relación co Surrealismo. As figuras se deforman e a pintura convértese en signos da realidade. Vense xa as novas formas expresi-

vas que Picasso adoptará no *Guernica*, unha mestura de Cubismo, figuras retorcidas, luces, un estilo fundamentalmente expresivo, ideal para transmitir ideas e emocións. Aínda que sempre declarou que non era surrealista, en moitos dos seus cadros pódense apreciar calidades e características propias deste movemento artístico, como en *Bañista sentada*.

### **5º Período: Expresionista (1935-1945)**

O estalido e posterior desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial contribuíron a que a paleta de Picasso se escurecese e a que a morte fose o tema máis frecuente na maior parte das súas obras. O expresionismo busca a representación da angustia e do horror mediante figuras angulosas e deformadas. Trata tamén temas mitolóxicos e en 1935 Picasso levou a cabo unha serie de gravados, a *Minotauromaquia*, un traballo no que mestura os temas do Minotauro e as corridas de touros, anunciando nesta obra coa figura do touro e a do cabalo destripado as imaxes do *Guernica*. O *Guernica* é a máxima representación deste período e unha das obras mestras do pintor, característica da súa capacidade para converter a pintura nunha linguaxe expresiva orientada a conmover a sensibilidade.

As experiencias descritas poñen de manifesto a vitalidade e versatilidade da linguaxe plástica de Picasso, desenvolvida a través dun itinerario en constante proceso de recuperación e renovación. Reflicte a súa vida persoal na súa obra, de xeito que as súas compañeiras sentimentais e os seus fillos aparecerán retratados en numerosas obras.

### **6º Período ecléctico/independente (1945-1973)**

Mestura todos os estilos. Realiza recreacións de cadros clásicos, baixo o punto de vista cubista. Fai tamén traballos de cerámica, escultura e gravados. Moitos dos últimos cadros de Picasso están baseados nas obras de grandes mestres do pasado como Velázquez, Courbet, Delacroix (*As mulleres de Arxel*) e Manet (*O xantar campestre*).